



Orientación ao Estudante

# Coller Apuntes

## Coller apuntes, para que?

Esta é a pregunta que se fan moitos/as estudantes. Algúns e algunhas pensan que é unha perda de tempo, outros/as que se escriben non poden escoitar ao /á profesor /a, ou que o que din a maioría dos profesores e profesoras está en parte ou totalmente nalgún libro. Con todo, estes razoamentos non son certos. É importante ir a clase diariamente e coller os propios apuntes, con iso terase adiantado gran parte do traballo que se tería que realizar posteriormente na casa. A retención do que explica o profesor é notablemente maior cando un/unha anota o que di que cando se limita a escoitar.

## Que é coller apuntes?

É o acto de anotar os puntos sobresaíntes dunha clase ou conferencia.

É unha actividade que apoia o estudo e a aprendizaxe, xa que fixa mellor a túa atención.

Os apuntes non son ditados do profesor. Para tomar bos apuntes necesitas aprender a escoitar, para así non apuntar palabra por palabra senón o senso e esencia do que di. É importante empregar o proceso escoitar-pensar-escribir.



Mira algúns dos apuntes que colliches ate agora e valóraos en función de:

- Teñen as ideas principais da explicación.
- Atópase a orde lóxica das ideas.
- Limpeza.
- Claridade na letra, subliñados, etc..
- Orde.
- Brevidade.

Cal pensas que sería a túa cualificación: Boa ou mala?

# Funcións dos apuntes

**Organización:** Mantén a atención e compréndese mellor. Isto propicia o razoamento activo e continuo.

**Rexistro:** Fai posible o repaso e o recordo. Por iso é importante telos completos.

## ~~Erros frecuentes~~

No momento de coller apuntes, o alumnado adoita cometer os seguintes erros:

- Copiar de forma literal todo o que di o profesor, o que leva a unha letra ilexible, perda do fío condutor e que se recollan ideas incompletas, sen sentido, perdas de datos de interese, etc.

- Non repasar os apuntes despois da clase ou esa mesma tarde, para ver se se entenden e están completos, corrixindo as posibles deficiencias. Se aparcas os apuntes durante semanas, cando volves sobre eles resulta que a letra non se entende, que os conceptos non están claros, bótanse en falta certas ideas que explicou o profesor, etc.

- Outro erro moi grave é prescindir de coller apuntes propios e limitarse a fotocopiar os dalgún compañeiro.

Isto leva a que, ás veces, non se entende a letra ou as abreviacións, moitas veces non resultan claras... A utilidade dos apuntes é tanto maior canto máis persoais son.



## Vantaxes da toma de apuntes

Os apuntes constitúen, sen dúbida, unha parte esencial do aprender en todo/a estudante. Son algo vital no proceso ensino-aprendizaxe polas seguintes razóns:

1- Fante estar moi atento/a e activo/a mentres aprendes, favorecendo unha maior concentración mental.

2 - Obríganche ao estupendo exercicio da comprensión e captación das ideas fundamentais e á expresión sintetizada, pero completa, por escrito, deses contidos.

3 - Axudan a memorizar mellor.

4 - Proporcionanche un valiosísimo recordatorio; isto, froito do teu propio labor de análise e síntese mental que podes revisar e utilizar cando desexes.

5 - Desenvolven o hábito de sintetizar. Ao tomar apuntes non se reproducen literalmente as palabras do profesor ou profesora. Os libros, polo tanto, serán o elemento que complementa apuntes, pero nunca serán os substitutivos das explicacións.

Son unha referencia para coñecer os aspectos máis importante para cada profesor/a. Deste xeito, permiten reflexionar sobre o que con maior seguridade aparecerá nos exames.

## Como tomar apuntes.

Coller apuntes é máis difícil do que parece. Require un adestramento concreto e práctica. A concentración é algo fundamental. Hai que concentrarse no que se fai. Controla a atención. Non divagues. É fundamental estar atento ás explicacións do profesor, míralle, busca as ideas craves da explicación e concentra a atención.

Aprenderemos a tomar apuntes desenvolvendo o hábito de facelo, é dicir, coa práctica repetida, o convencemento da súa utilidade e a necesidade de realizar esta actividade correctamente.



É importante situarse cerca do profesor; nun lugar no que se lle escoite ben e onde sexa máis difícil distraerse.

Se é posible, débese efectuar unha prelectura do tema que vai desenvolver o/a profesor/a na clase. Esta actividade permitirá que se comprendan mellor os contidos da lección e anticiparse a posibles dúbidas ou cuestións que presenten maior dificultade de comprensión.

Por outra banda, a actitude ante o/a profesor/a e o tema deberá ser positiva. Non hai que ter prexuízos nin deixarse levar polos estados de ánimo, nin polas simpatías ou antipatías.

“ A actitude ante o profesor deberá ser positiva ”

Durante a explicación, antes de escribir hai que oír ao profesor ou profesora, comprender o que di, e, só entón, anotar as ideas esenciais, describíndoas coas propias palabras. Os apuntes deben ser concisos pero comprensibles, recollendo todas as ideas relevantes e os detalles significativos. É importante non investir a orde da recollida de información xa que se escribes directamente sen reflexionar as explicacións do profesor, é moi posible que te atopas cuns apuntes sen sentido que sexan pouco comprensibles e, polo tanto, que non sexan útiles para estudar posteriormente e comprender o tema desenvolvido.

É importante copiar non só o discurso que se está escoitando, senón tamén calquera gráfico, cadro ou esquema que o/a profesor/a escriba no taboleiro. Non despreces os exemplos que pon o profesorado. En ocasións, un exemplo axuda a lembrar mellor un aspecto da lección. Iso si, é importante anotalo de forma esquemática.



O segredo de facer uns apuntes personalizados e prácticos encérrase en tres palabras, segundo a maioría dos autores de didáctica: escoitar, pensar e escribir.

Outro aspecto fundamental á hora de tomar apuntes é a orde e a limpeza. Uns bos apuntes deben conter:

- Espazos en branco (que se completarán posteriormente durante o estudo).
- Marxes onde anotar dúbidas, suxestións ou aclaracións.
- Títulos e subtítulos subliñados que permitan establecer as partes máis importantes da información recollida.
- Signos de interrogación sobre as cuestións que non se comprendan.
- Ideas que xurdan durante a explicación e que permiten lembrar máis facilmente, relacionar os contidos con outros xa coñecidos ou con algún feito cotián.
- Un propio código de sinais de puntuación que facilite a tarefa de escribir, a de comprender e a de ler posteriormente.

Saber escoitar implica unha actitude selectiva dos contidos ofrecidos na exposición. Debes estar moi atento/a a:

- O principio e final de cada clase. Nestes momentos o profesor ou profesora adoita dar unha visión xeral ou resumo que pode ser moi útil.
- Certas expresións. É importante estar alerta a frases como; "o fundamental é ..... non debemos esquecer que ..... "..."en resumo ..... o máis importante é ..... concluíndo ..... Tras estas ideas o profesor /a dará ideas significativas da lección.
- As repeticións. O profesor /a repite cando desexa que algo quede moi claro.
- Os cambios no ton de voz e a velocidade ao falar. Cando un profesor ou profesora desexa dicir algo que considera importante acentúao coa súa entoación ou o di máis

# COMO ARQUIVAR APUNTES

Podemos utilizar un caderno de "anillas", xa que nos permite incorporar os folios que sexan oportunos e os que vaiamos recollendo en cada clase e materia. Este caderno será un arquivo útil e necesario para todos os/as estudantes.

Debe ter cartolinas divisorias, se se queren introducir nel diferentes materias. Esta sistema permite localizar axiña as materias.

Débense ordenar as notas que se recollen no caderno cuns principios similares en todas as materias. Con iso lograremos homoxeneidade e orde, e teremos un material que permita estudar con máis facilidade.

Os apuntes non son "obras de arte", e polo tanto non hai que pasalos a limpo (con iso perderíamos un tempo precioso que pode aproveitarse noutras actividades, como estudar ou saír cos amigos. Hai que esforzarse en tomalos coa suficiente claridade para que valan para o seu posterior estudo.

